



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR OPOSICIÓN, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE PEÓN SERVIZO DE AUGAS, PERSOAL LABORAL FIXO

DATA DE PUBLICACIÓN: 05/03/2026

RESOLUCIÓN DA/S ALEGACIÓN/S PRESENTADA/S EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

De conformidade coas bases que rexen o procedemento e o acordado polo Tribunal Cualificador na sesión celebrada o día 27/02/2026, faise público que o citado órgano adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

RESOLUCIÓN DA/S ALEGACIÓN/S PRESENTADA/S EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

Vista/s a/s alegación/s presentada/s (a tres preguntas) por unha das persoas aspirantes ao primeiro exercicio, cuestionario tipo test, (RXE núm. 202699900000184, do 10/02/2026).

Visto que respecto a/s citada/s alegación/s o Tribunal ten feito as seguintes consideracións xerais e específicas, estas últimas en relación a cada pregunta:

Consideración xerais:

1ª.- Que o escrito de alegación/s ten sido presentada en prazo.

2ª.- Que o escrito refírese a tres preguntas, a núm. 3, a núm. 20 e núm. 36 polo que debe procederse ao seu exame e resolución por separado.

Consideracións específicas en relación a cada pregunta:

Alegación á pregunta núm. 3:

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

“3.- En una instalación de abastecimiento de agua a una vivienda desde la red de suministro, ¿Cuál es el elemento que delimita la responsabilidad del ayuntamiento en cuanto al mantenimiento?”

a) El contador.

b) La llave general de la batería.

c) La llave de registro o llave de acometida”.

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra c), “c) La llave de registro o llave de acometida”.

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“Pregunta nº 3. (Existen dúas posibles respuestas válidas en algúns concellos: a e c)

Nalgúns casos o contador é propiedade da empresa ou do Concello. E senón é por vandalismo ou manipulación do usuario debe facerse cargo do mantemento o concello ou a empresa encargada. O que crea dúbidas entre as respostas a e c.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

“La tularidad y gestión de los contadores de agua en España varía según el reglamento de cada ayuntamiento, aunque la tendencia generalizada, basada en regulaciones modernas, es que los equipos sean propiedad de la empresa suministradora o del servicio municipal de agua.”

.../

4ª.- A modo de exemplo, o Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, define “acometida” e “instalación interior”, nos seguintes termos:

“c) Acometida: tubaxe e elementos que enlazan a instalación xeral do edificio ou rede interior coa rede de distribución exterior de subministración. Sendo o punto de entrega ao titular da instalación interior ou edificio, o grifo ou racor de proba do armario ou arqueta de contadores tras a chave de corte xeral no exterior do edificio”.

“k) Instalación interior: conxunto de tubaxes, conexións, depósitos, accesorios e aparellos, situados tras a acometida e cuxa responsabilidade é do titular ou propietario da instalación e non do operador da rede de distribución. A instalación interior comprende, no seu caso, a instalación xeral do edificio e as instalacións particulares interiores”.

Á vista das definicións transcritas non hai unha fronteira clara entre acometida e instalación interior, producíndose unha situación de indefinición/imprecisión normativa e polo tanto, unha indefinición no relativo á responsabilidade no mantemento de determinados elementos da instalación.

En conclusión, a imprecisión normativa nesta cuestión xera lagoas polo que poden realizarse distintas interpretacións á pregunta nos termos que ten sido formulada, ante esta circunstancia, que se poidan considerar correctas as repostas a) e c), é polo que a alegación debe ser estimada.

Alegación á pregunta núm. 20:

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

“20.- Un grupo de presión con variador de frecuencia, ¿Qué ventajas tiene?”

a) Adaptar la potencia al consumo real ahorrando energía.

b) Evitar la cavitación que pueda producirse en la bomba.

c) Eliminar la necesidad de depósitos de presión”.

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra a), “a) Adaptar la potencia al consumo real ahorrando energía”.

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“Un grupo de presión con variador de frecuencia adapta a potencia ao consumo real aforrando enerxía (resposta a), pero tamén evita a cavitación producirse na bomba (resposta b).

.../”

4ª.- A resposta que se sinalou como correcta, letra a), o é con carácter xeral. A resposta b) por si soa non é correcta. Para evitar a cavitación deben concorrer outras circunstancias. Sería certa/correcta só en casos moi concretos que, en modo algún, poderían considerarse representativos das aportacións e funcionalidades xerais dun



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

variador de frecuencia instalado nun grupo de presión. En resumo, a resposta b) non é sempre certa nin na maior parte das ocasións. Non obstante, podendo haber casos que, aínda sendo moi específicos e puntuais, se poida evitar a cavitación e que, polo tanto, a resposta b) poida ser correcta nestes referidos casos puntuais, é polo que debe estimarse a alegación, reiterase, ao poder ser consideradas correctas as respostas a) e b).

Alegación á pregunta núm. 36:

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

“¿En los puntos altos de una red de agua, para evacuar el aire de las conducciones debe instalarse:

a) Válvulas de evacuación.

b) Ventosas.

c) Válvulas de presión”.

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra b, “b) Ventosas”.

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“Aínda que as ventosas empréganse para evacuar o aire das conduccións (resposta b) tamén existen válvulas de evacuación que realizan ese cometido (resposta a), polo que as dúas respostas poderían considerarse válidas.

.../”

4ª.- A normativa técnica define sistematicamente as ventosas como os elementos que realizan a función de expulsión do aire de maneira eficaz, de forma automática, en cada momento en que se produce unha acumulación de aire na conducción. Son elementos deseñados especificamente para ilo. En contraposición, as válvulas de evacuación non teñen como función principal eliminar de forma automática o aire dunha conducción. Ademais, a resposta a) se refire as válvulas de evacuación e non a válvulas de evacuación automáticas (referencia que consta nos enlaces incorporados ao escrito de alegacións).

A maiores do anterior, é absolutamente manifesto que, en cumprimento das mellores técnicas construtivas e de explotación, os profesionais e técnicos dos servizos de subministro de auga coñecen amplamente que as ventosas son, de modo inequívoco, os elementos a instalar nos puntos altos dunha redes de auga, para evacuar o aire das conduccións.

En conclusión, a resposta correcta é a b), ventosas, xa que normativa técnica sistematicamente define as ventosas como os elementos que realizan a función de expulsión do aire de maneira eficaz, non tendo esta función a principal das válvulas de evacuación, polo que a alegación debe ser desestimada.

Así, pois, é polo que, de conformidade co exposto e do establecido nas bases que rexen o procedemento de selección, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro: Estimar a alegación presentada referida á pregunta núm. 3 do primeiro exercicio do procedemento selectivo.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Segundo: Estimar a alegación presentada referida á pregunta núm. 20 do primeiro exercicio do procedemento selectivo.

Terceiro: Desestimar a alegación presentada referida á pregunta núm. 36 do primeiro exercicio do procedemento selectivo.

Cuarto: Facer público o presente, mediante a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico, sendo o citado asinado pola presidenta e pola secretaria do Tribunal.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

A presidenta,

Asd.: Dª Ana María Iglesias Gato

A secretaria,

Asd.: Dª Mª Loreto López Fernández